

Recomendación dirixida á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en relación co transporte para cruzar o encoro de Portodemouros.

Expediente: G.6.Q/11249/22

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse unha actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo, en relación co transporte para cruzar o encoro de Portodemouros.

ANTECEDENTES

1. O Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha proposta para instar a Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para que a empresa concesionaria do encoro de Portodemouros situado no curso do ría Ulla entre Santiso, Arzúa e Vila de Cruces, cumpra coas súas obrigas respecto das condicións que deben observar a barcaza e as instalacións que comunican as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso), segundo o establecido nas condicións da concesión a Naturgy.

2. Polo exposto requirimos informe á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e solicitamos a colaboración informativa de Naturgy.

3. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Augas de Galicia):

“No seo dunha investigación iniciada de oficio pola Institución da Valedora do Pobo sobre o transporte para cruzar o Encoro de Portodemouros entre as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso), o 17/11/2022 recibíuse en Augas de Galicia requirimento xirado desde esa Institución, co fin de que se lle facilite información en relación co acordo aprobado no Parlamento de Galicia a iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG (debido aos diversos incidentes acaecidos) que se concreta nunha proposta para instar á Xunta de Galicia a que adopte as medidas necesarias para que a entidade concesionaria do Encoro de Portodemouros cumpra coas súas obrigas ao respecto das condicións que debe observar a Barcaza que da servizo para cruzar o Encoro.

En resposta á súa solicitude, examinado o expediente administrativo obrante nas dependencias de Augas de Galicia, puido constatarase o seguinte:

a) Items administrativos máis significativos

Por Orde Ministerial do 10/11/1962 outorgouse unha concesión para aproveitamento hidroeléctrico no río Ulla, concellos de Antas de Ulla e Palas de Reis (Lugo), Arzúa, Boqueixón, Melide, Padrón, Santiso, Touro, Teo e Vedra (A Coruña) e Agolada, A Estrada, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces (Pontevedra).

O proxecto construtivo do denominado Salto de Portodemouros, constituído polo encoro do mesmo nome e a central situada a pé de presa (concellos de Santiso e Arzúa (A Coruña) e Agolada e Vila de Cruces (Pontevedra) aprobouse por resolución do 16/07/1968, sendo este o único salto finalmente construído da concesión orixinaria, e que se atopa en explotación dende o 24/10/1968 data na que se aprobou a acta de recoñecemento final das obras e instalacións e se autorizou a súa posta en marcha.

Tras sucesivas modificacións de suxeito e de obxecto e despois dun procedemento de revisión concesional, actualmente a concesión para o aproveitamento hidroeléctrico do río Ulla está formada por catro saltos: Portodemouros, Portodemouros-caudal ecolóxico, Brandariz e Touro, correspondendo a titularidade do dereito concesional á sociedade Gas Natural Fenosa Generación, SL, tal como consta na resolución ditada por Augas de Galicia o 18/06/2015.

A barca de paso que comunica as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso) réxese pola Orde Ministerial do 22/05/1975, por la que se resolve que a sociedade concesionaria do aproveitamento hidroeléctrico de Portodemouros, co fin de substituír as servidumes de paso existentes, deberá manter no Encoro de Portodemouros unha barca de paso para o transporte de vehículos, carros, persoas e animais dunha marxe cara a outra, debendo ter unha capacidade de carga de 15 toneladas métricas.

Por resolución do 08/11/1975 a Dirección Xeral de Obras Hidráulicas aprobou un novo proxecto de acceso aos lugares de atranque e desatranque, no que se reducen as pendentes da rampla e se aumenta a súa anchura, co fin de incrementar a seguridade das ditas zonas.

A barcaza de paso comezou a prestar servizo en marzo de 1977, que pasou a ser permanente a partir do 01/11/1983 (así o establece a resolución da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas do 28/09/1983).

Esta barca, denominada *Azulón Primeiro*, foi obxecto de diversas reformas e ampliacións aprobadas por Augas de Galicia, a primeira delas no ano 13/10/2006, pola que se ampliou a superficie de carga útil nunha lonxitude de 5,5 m e se ampliou a capacidade de carga máxima sobre cuberta a 20 toneladas métricas. A navegación da barca de paso reformada autorizouse por resolución do 29/12/2006, aprobándose na mesma resolución determinados cambios relativos aos motores propulsores e ao sistema de goberno.

Por resolución do 19/08/2008 Augas de Galicia autorizou o transporte de maquinaria agrícola na barcaza entre o embarcadoiro da mesma e a Illa de Montefurado.

Asemade, no ano 2016 (en concreto o 14/01/2016) por resolución administrativa autorizouse ampliar e adecuar os camiños de acceso á barcaza na zona anegada polo encoro, debido ás crecentes necesidades de espazo para o acceso de vehículos agrícolas de grande envergadura e tonelaxe.

b) Acordo parlamentario e actuacións desenvoltas en cumprimento del

O 16/02/2021, na Comisión 2ª do Parlamento de Galicia, aprobouse por unanimidade e a proposta do Grupo Parlamentaria do BNG o seguinte Acordo sobre as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego en relación coas condicións de transporte da Barcaza de Portodemouros:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para que a empresa concesionaria do encoro de Portodemouros, situado no curso do Ulla, medio entre os concellos de Santiso, Arzúa e Vila de Cruces, cumpra coas súas obrigas a respecto das condicións que debe observa-la barcaza e as instalacións que comunican as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso), segundo o establecido nas condicións da concesión do encoro á empresa Naturgy."

Con carácter posterior á celebración do citado Acordo, o titular concesional levou a cabo diversas actuacións na Barcaza que foron convenientemente avaliadas por Augas de Galicia, dándose por cumprido o requirido por esta Administración Hidráulica:

A totalidade do perímetro de acceso á barcaza conta con barreiras New Jersey, incluída a zona final lindeira coa auga. As ditas barreiras New Jersey son móbiles, adaptando a súa posición ao nivel das augas no encoro, contando, asemade, con elementos reflectantes que melloran a súa visibilidade.

Dotación de iluminación das zonas de embarque e desembarque mediante a instalación de farois (actualmente en execución). Actualmente estes puntos carecen de liña de alimentación eléctrica, tramitación que está a levar a cabo a empresa concesionaria coa distribuidora de electricidade. En concreto, solicitáronse provisións de servizo á distribuidora para construír dúas liñas de alimentación en abas marxes do encoro, que actualmente xa se aboaron e atópanse en fase de tramitación.

Asemade, na marxe correspondente coa provincia de Pontevedra (Vila de Cruces) está executada a liña propiedade da Distribuidora e estanse executando as obras de instalación do alumeadado (previsión de remate: decembro de 2022). Na marxe que se corresponde coa

provincia da Coruña (Santiso) está pendente a execución da liña propiedade da Distribuidora e estanse executando en paralelo as obras de instalación do alumado.

Naqueles casos nos que a barcaza non se atope operativa, estanse a colocar, nos cruces próximos aos accesos, carteis de grandes dimensións co texto "BARCAZA FUERA DE SERVICIO", co fin de que os usuarios sexan coñecedores da situación e poidan continuar o seu camiño sen ter que desviarse.

As incidencias acaecidas no servizo da barcaza, tanto as imprevistas como os mantementos programados, comunicaas o concesionaria aos concellos afectados e a Augas de Galicia, ademais de publicalas na prensa escrita.

Un dos operarios da barcaza dirixe as manobras de embarque e desembarque dos usuarios, facilitando deste xeito o acceso á mesma.

c) Comunicación de incidencias no ano 2022

Ademais doutras incidencias comunicadas a Augas de Galicia polo titular concesional en períodos anteriores, no presente ano constan as seguintes comunicacións por parte do titular concesional de interrupción do servizo da Barcaza no expediente administrativo: o 28/03/2022, por avaria e durante a xornada do 27 de marzo); o 18/10/2022, por avaria e durante o 17-20 outubro e 25/10/2022, por causa de inspección e mantemento periódico (duración 7 novembro-5 decembro ás 9:59 h).

d) Conclusión

Nesta Administración Hidráulica non se ten constancia de que a sociedade Gas Natural Fenosa Generación, SL (actual titular da autorización da navegación), incorrese en ningún incumprimento das condicións e obrigas impostas en ningún dos actos administrativos que rexen a citada autorización. Pola contra, considérase que a sociedade actuou sempre de xeito dilixente no que a este transporte atinxe, con observancia do prescrito e dando cumprimento ás actuacións requiridas pola Administración, tendo sido comunicadas tanto aos concellos afectados como a Augas de Galicia as eventuais incidencias acaecidas (tanto imprevistas como os mantementos programados), ademais de darlle a suficiente publicidade para xeral coñecemento dos usuarios.

Manifestar que este Organismo de conca continuará prestando unha labor de vixilancia e seguimento do servizo en tanto perviva a autorización concedida, tomándose as medidas oportunas no caso de detectarse incumprimentos tanto do condicionado orixinario como aquelas obrigas impostas posteriormente.

Non obstante, e sen prexuízo do exposto, este ente público queda á disposición desa Institución para a remisión da información que considere procedente”.

4. Naturgy:

“En relación coa investigación de oficio iniciada por esa institución sobre o servizo de transporte existente para cruzar o encoro de Portodemouros comunicando as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso) e que presta Naturgy en cumprimento do condicionado da súa concesión de augas para produción de enerxía eléctrica, queremos informarlle sobre os antecedentes relacionados con este transporte e a súa evolución ao longo dos últimos anos, así como as nosas conclusións sobre cada unha das deficiencias recollidas no seu escrito:

ANTECEDENTES

En primeiro lugar, a concesión para o aproveitamento hidroeléctrico dos ríos Ulla e Deza, onde se inclúe o salto de Portodemouros, establece a obrigaón de "preservar *ou substituír*" os servidumes existentes na zona asolagada polo encoro, o que se concreta por parte da Administración (Comisaría de Augas do Norte) na esixencia ao concesionaria de dispoñer un medio de transporte "*de peóns, gando e un carro do país coa súa yunta*".

Achegamos como evidencia a resolución da Comisaría de Augas do Norte de España do 26 xuño de 1975, onde se indica na Folla Nº 2 que "*No 31 de decembro de 1973, ..., a Comisaría de Augas do Norte de España acordou fixar á devandita Sociedade un prazo de 3 meses para presentar un proxecto detallado de barca de paso que permita de acordo co establecido na O.M. do 21 de febreiro de 1959 un satisfactorio paso de peóns, gando e un carro do país coa súa yunta*". Adicionalmente e no mesmo documento, na Folla Nº 6, indícase por parte do enxeñeiro encargado da Comisaría de Augas do Norte de España que "*No relativo ao tránsito de vehículos de motor, informa que, aínda que no proxecto presentado indícase que a barca poderá transportar mesmo tractores con remolque, o proxecto esixido á Sociedade era para o paso de peóns, gando e un carro do país co súa yunta*". Este documento achégase como DOC-1.

Facemos notar que, aínda que en 1975 xa circulaban vehículos de motor, non se esixe a sociedade concesionaria que o medio de transporte proxectado os considere.

A anchura orixinal das pistas para ambas as marxes proxectouse para 7 metros en toda a súa lonxitude, e así se autoriza por parte da Comisaría de Augas do Norte de

España na resolución do 8 de novembro de 1975, tras a presentación por parte de Naturgy dun proxecto reformado de acceso aos lugares de atracada. Estas características dos accesos, tanto en anchura como en pendente, foron analizadas e alegadas por todos os afectados durante a fase de información pública, e finalmente aprobadas na resolución adxunta como DOC-2. Aínda fixando no proxecto unha anchura de 7 metros, finalmente executáronse ambos accesos cun ancho de 8 metros aproximadamente en toda a súa lonxitude, superando así as dimensións esixidas.

No ano 2006, e a requirimento de Augas de Galicia, Unión Fenosa (actualmente Naturgy) presentou un proxecto de modificación da embarcación, que foi autorizado por este Organismo. Con este proxecto aumentábase a capacidade técnica da barcaza ata as 20 Tn de forma voluntaria (a condición concesional de 1975 soamente obrigaba a 15 Tn de carga) e alongábase a eslora da embarcación, e por tanto a zona de carga, en 5,5 metros.

Inclúese como DOC-3 autorización da reforma da barcaza onde no apartado 8º dos antecedentes se esixe por parte de Augas de Galicia unha *"capacidade de carga de 15 Tn"* e que *"se permita o xiro dentro da barca dun carro do país e consecuentemente, dado que hoxe en día estas medias de transporte xa non se utilizan, sendo substituídos por tractores con remolque, se permita o xiro destas últimos"*.

En anos posteriores, procédese a executar por parte da empresa concesionaria actuacións de mellora da seguridade viaria nos accesos á embarcación (mellora do firme das pistas de acceso no ano 2012) así como a sinalización das devanditas pistas (no ano 2014). Ambas as actuacións novamente á conta do concesionario e adicionais ao indicado na concesión.

No 2014, e atendendo as peticións dos veciños do Concello de Santiso, que requiren unha mellora das ramplas de acceso á embarcación -ramplas que como xa se indicou no punto 2 foron aprobadas orixinalmente cunha anchura de 7 metros, aínda que finalmente executáronse de 8 metros-, Naturgy presenta proxecto voluntario de ampliación das devanditas ramplas, que foi resolto por Augas de Galicia o 18 de xaneiro de 2016 (axúntase evidencia como DOC-4), e que aumenta a súa anchura ata os 10 metros nunha lonxitude de 140 m no lado de Santiso e en 165 m no lado de Vila de Cruces.

Na Folla Nº 4 desta resolución pódese confirmar como ademais este proxecto se realiza sempre co beneplácito dos Concellos de Santiso e Vila de Cruces, dado que se lles solicita informe durante a tramitación do expediente, e ambos

emitiron informes favorables á ampliación das pistas proxectadas e nas dimensións incluídas no proxecto.

Nos últimos anos seguíronse executando melloras no servizo da barcaza, todas elas novamente á conta do concesionaria e sen mediar obrigación concesional de ningún tipo para a súa realización. Entre elas, destacan as seguintes:

-Colocación de barreiras New Xersei en a totalidade do perímetro de acceso a barcaza incluída a zona final lindeira coa auga. As barreiras New Xersei teñen elementos reflectores e son móbiles, de tal forma que se pode adaptar a súa posición ao nivel do encoro.

-Colocación de carteis de gran tamaño en os cruzamentos próximos para informar cando a barcaza se atope fora de servizo. A finalidade é avisar aos usuarios para que poidan seguir camiño sen desviarse.

-Mellora da iluminación nas dúas zonas de embarque mediante farois de estrada. Este punto atópase xa moi avanzado, e no caso ao lado de Vila de Cruces a data estimada de finalización dos traballos é decembro de 2022.

A Barcaza cumpre con todas as esixencias regulamentarias e cada 3 anos, atendendo á normativa marítima, está obrigada a pasar unha revisión técnico legal moi exhaustiva.

Por todos estes motivos indicados ao longo dos antecedentes e referendados pola documentación adxunta, queremos poñer de manifesto as seguintes CONCLUSIÓNS

As obrigacións concesionais recollidas nas resolucións de 1975 están plenamente cumpridas por parte de Naturgy, que como se pode comprobar facilmente foi moito máis alá do que lle esixía o título.

Aínda que a barcaza se instalou en 1977, no 2006 realizouse unha reforma integral da mesma. O servizo mantén un estándar de calidade adecuado, e as incidencias resólvense coa máxima dilixencia. Nos últimos anos a súa dispoñibilidade sempre foi superior a un 98%.

Ao longo do tempo leváronse a cabo voluntariamente numerosas actuacións de mellora na zona de atracada, coa finalidade de atender as demandas dos usuarios, e sen que medie obrigación legal nin concesional sobre as mesmas.

Especialmente importantes foron as actuacións sobre as ramplas de acceso, cuxa última ampliación é do 2016.

O servizo da barcaza debe, por tanto, ser utilizado conforme as súas características técnicas (tonelaxe, dimensións, tipoloxía de vehículos), atendendo a finalidade para o que foi concibido.”

5. Ao marxe do informado, o diario *La Voz de Galicia* do 4 de novembro de 2022 sinalaba:

“O transporte en ferri que se presta no encoro de Portodemouros para comunicar as provincias da Coruña e Pontevedra a través dos municipios de Santiso e de Vila de Cruces quedará interrompido o vindeiro luns, con motivo da inspección e o mantemento que de forma periódica se realizan da embarcación. O servizo renovarase nun mes -o 7 de decembro-, tal e confirma o alcalde de Santiso, Manuel Adán (BNG), de acordo coa comunicación que, respecto diso, recibiron na administración local. O mes de parón da barcaza é motivo de queixa nos concellos que comunica, desde os que lembran que a concesión de explotación do encoro de Portodemouros obriga a Naturgy a garantir o servizo as 24 horas dos 365 días do ano. «Non é normal deixar de prestar o servizo durante un mes; terán que buscar unha alternativa», reivindica Manuel Adán, que xa se puxo en contacto co rexedor de Vila de Cruces, Luís Taboada, coa intención de trasladar a situación á Consellería de Infraestruturas. As queixas pola interrupción temporal do transporte en Portodemouros son extensibles ao servizo en si, «bastante precario no día a día», apunta o alcalde de Santiso, lembrando, respecto diso, «continuos» paróns, derivados de avarías na embarcación. Dese modo, indica, «ao longo do ano, hai un par de meses durante os que a barcaza non está a funcionar»”.

ANÁLISE

1. A barcaza é un servizo público prestado pola empresa concesionaria como unha das compensacións establecidas como consecuencia da concesión polo uso dun ben de dominio público (o restablecemento das antigas servidumes), polo que só podería interromperse por causa de forza maior. Neste senso o informe de Augas de Galicia sinala que o servizo pasou a ser permanente por resolución de 28 de setembro de 1983.

2. A eventual presenza dunha causa de forza maior debera ser obxecto de control por parte do organismo concesional, agora Augas de Galicia, posto que o control e supervisión da concesión corresponde sempre a administración competente.

A interpretación que debера facerse da posible presenza dunha causa de forza maior debera ser estrita, é dicir, só se confirmaría cando se comprobe que verdadeiramente existe unha circunstancia imprevisible ou inevitable (artigo 1105 CC), o que traería como consecuencia entender alteradas as condicións da obriga.

3. En diferentes ocasións a barca deixa de prestar servizo por longos períodos de tempo (menciónanse os paros de 2018 e 2022, e outros puntuais), sen que as causas alegadas parezan de forza maior, posto que son previsibles e evitables por medio dalgunha ou todas as medidas reclamadas (antigüidade, substitución...), de tal forma que se garanta o servizo durante todos os días do ano, tal e como se prevé na obriga relacionada coa concesión.

4. En calquera caso, no suposto de que a suspensión do servizo se produza por causas de forza maior avaladas polo organismo responsable, co sinalamento do prazo de reposición, entón debería establecerse un mecanismo adecuado de información, máis aló do actual, da causa e o tempo estimado de paralización do servizo, para o coñecemento de todas as persoas afectadas.

5. Tamén se aprecian reclamacións relativas a mellora da barca e das instalacións precisas para o seu uso, para adaptalas ás necesidades propias do momento actual. Entre elas se contan a substitución da barca por outra máis moderna e que xere menos incidentes, a ampliación da rampa, a instalación e mantemento de iluminación e sinalización adecuadas, e a mellora dos camiños que dan acceso ao servizo.

Ao respecto nas informacións se dan conta de melloras realizadas -as autorizadas mediante a reforma da barca en 2006- ou pendentes de execución, establecidas ao longo do tempo dende o que rexe a condición, algunhas relacionadas coa adaptación precisa do servizo.

As condicións das concesións demaniais deben adaptarse aos diferentes períodos nos que resulten de utilidade, neste caso á realidade de 2023, polo que os elementos do servizo deberan atoparse adaptados para o seu uso por parte da maquinaria de traballo e os medios de transporte de maior uso no noso tempo, de tal forma que aquel sexa efectivo e seguro todo o ano.

6. O custe do cumprimento da condición concesional é propio deste tipo de figuras de dereito público, posto que, a diferenza dos contratos públicos, as concesións supoñen beneficios directos para a entidade beneficiaria, que, como contrapartida, debe cumprir as súas obrigas (construción, conservación e outras).

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a seguinte recomendación:

Que faga cumprir a Naturgy, como concesionaria do encoro de Portodemouros, as obrigas relativas á barca e as instalacións que permiten cruzar dito encoro como condición derivada da concesión, entre elas o mantemento do servizo de forma permanente, salvo causa de forza maior comprobada pola administración, e que se establezan as melloras precisas para que o servizo se adapte as necesidades propias do momento.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo